

CANDO O VENTO SOPRA

FICHA TÉCNICA

Título orixinal: *When the wind blows*

Director: Jimmy T. Murakami

Producción: John Coates (Gran Bretaña, 1986)

Guión: Raymond Briggs, baseado na súa novela homónima

Fotografía: Peter Turner, Maureen Simons, Roger Chandler e Roy Watford

Música: Roger Waters

Dirección artística e deseño dos debuxos: Richard Fawdry

Dirección artística, deseño dos fondos e da cor: Errol Bryant

Director técnico: Peter Turner

Deseño e produción dos efectos especiais: Stephen Weston

Montaxe: Grant Taylor

Duración: 86 minutos.

INDICACIÓNS PARA O PROFESORADO

Sinopse

Jim e Hilda Bloggs son unha parella de xubilados que viven nunha remota zona rural da Gran Bretaña pouco antes do inicio dunha guerra nuclear. Profundamente patriotas, teñen absoluta confianza no seu goberno e informáronse sobre todo o que é necesario facer no caso de que o inimigo ataque o seu país. Jim leu os informes oficiais sobre a bomba atómica e inicia a construción dun refuxio que os protexerá no caso dunha explosión nuclear.

Obxectivos pedagóxicos

- Coñecer a grandes trazos os enfrontamentos militares e políticos que mantiveron os Estados Unidos e a Unión Soviética trala Segunda Guerra Mundial, a chamada "guerra fría" (período no que está ambientado a película), que desembocou nunha carreira

armamentística e nuclear que podería ter consecuencias desastrosas para a humanidade.

- Valorar os sentimentos, as motivacións e os principios morais que moven á parella protagonista ó longo da historia. Analizar de maneira especial a súa actitude trala explosión da bomba atómica.
- Entender e valorar os recursos narrativos e expresivos utilizados pola película para amosar o horror da guerra nuclear a partir de pequenos detalles e fragmentos da vida cotidiana dos personaxes.
- Recoñecer actitudes e ideas conformistas, inxenuas e pasivas respecto á actuación do goberno e as institucións.

Procedementos

- Valoración da película como unha dura crítica á pasividade e á despreocupación xeral ante temas de vital importancia e como reflexo do horror e o absurdo da guerra nuclear.
- Análise da estrutura narrativa da película: como empeza e como acaba, que recursos utiliza o director para indicar o paso do tempo e a evolución dos personaxes, etc.
- Identificación e explicación dos referentes históricos, políticos e xeográficos: as consecuencias da Segunda Guerra Mundial, o papel que desenvolveron Churchill, Roosevelt e Stalin, a bomba atómica, etc.).

Actitudes

- Desenvolver unha actitude crítica respecto da actuación do goberno e as institucións en relación ó inminente estourido dunha guerra nuclear.
- Valorar as consecuencias da maneira de pensar da parella protagonista antes, durante e trala explosión da bomba atómica.
- Valoración crítica do final da película.

GUÍA DIDÁCTICA

Os camiños oscuros do progreso

“*Cando o vento sopra*” é unha película atípica, arriscada e valente. Non só pola brutalidade con que expón un tema tan delicado e comprometido como o da guerra nuclear e a explosión da bomba atómica, senón tamén polo feito de tratarse dunha produción de debuxos animados. Esta aparente contradición é utilizada polo director Jimmy T. Murakami e o guionista Raymond Briggs, autor da obra orixinal na que se basea a historia, para darlle á película o seu sentido último e definitivo: os debuxos e o deseño dos personaxes, deliberadamente estilizados e irreais pero simpáticos en todo momento, contrastan co realismo e a contundencia da historia explicada. Do mesmo xeito, a amabilidade de Jim e Hilda Bloggs convértese, a medida que avanza a narración, nunha irritante inxenuidade, a súa sinxeleza e a súa boa fe derivan cara un optimismo grotesco e case surrealista. E é que as aparencias enganan: a vida feliz e tranquila da parella vaise descompoñendo pouco a pouco, literal e metaforicamente. A bomba atómica non só arrasa a zona onde viven, destruíndo todo o seu mundo, senón que pon de manifesto a inconsistencia da súa fe no progreso, o absurdo da súa confianza nun goberno que non moveu nin un dedo para evitar a catástrofe. Murakami e Briggs van moito máis aló dunha simple crítica ó horror da guerra e á utilización da enerxía nuclear e atómica, construindo unha brillante parábola do fin do mundo.

Desde este punto de vista, o matrimonio protagonista trascende os trazos máis ou menos tópicos que os caracterizan - a obsesión tipicamente inglesa por tomar o té, o patriotismo, os recordos románticos da Segunda Guerra Mundial - para constituírse nunha metáfora da pasividade e a despreocupación da sociedade fronte a algúns dos principais problemas do mundo contemporáneo. Jim e Hilda non reparan en ningún momento nos oscuros intereses e motivacións que en aras do progreso levaron ó seu país á situación actual, nin cuestionan o papel e a actuación dos seus dirixentes políticos, como se a guerra fose un mal inevitable. Durante a construción do refuxio nuclear, a única preocupación de Jim son as diferenzas entre o folleto do goberno e o folleto municipal; Hilda, en cambio, poucos minutos antes do inicio da guerra só pensa en fregar os pratos. Trala explosión da bomba, convertidos en meras caricaturas de dous seres humanos, non poden facer outra cosa que manter todas as rotinas establecidas no mundo anterior á

guerra nuclear (tomar o té, saír ó xardín, limpiar o pó). A rutina é o verdadeiro motor da acción, unha acción deliberadamente monótona e tinguida dun pesimismo que en determinados momentos chega a agredir ó espectador: incluso diante das portas dunha morte espantosa, os dous personaxes son incapaces de abrir os ollos: seguen vivindo a mentira que viviron toda a súa vida.

Unha historia real... en debuxos animados

A historia de “*Cando o vento sopra*” poderíase filmar máis facilmente con persoas de carne e óso: a práctica totalidade da acción ten lugar na casa do matrimonio, nunha zona rural afastada das grandes cidades. Pero o paradoxo que se establece entre a crueza dos acontecementos relatados e a utilización duns debuxos animados de carácter practicamente naïf, xoga en beneficio da película, dotándoa dunha atmosfera opresiva e angustiosa que sería imposible de conseguir con imaxes reais.

Jimmy T. Murakami y Raymond Briggs fan pedazos o tópico de que non se poden facer películas de debuxos animados destinadas ó público adulto (ou, en todo caso, pensadas tanto para o público máis novo como para o público adulto). Director e guionista, nunha opción arriscada non aforraron esforzos nin recursos: a produción e a realización foi longa e complicada e implicou a participación dun enorme equipo técnico, que se encargou de debuxar a man as cerca de 200.000 imaxes necesarias para a película. Murakami utilizou técnicas de animación decididamente revolucionarias, que serían adoptadas despois noutras producións. Para dotar ós escenarios da acción dunha certa perspectiva, fixo construír maquetas en tres dimensións da casa onde transcorre a acción, con paredes desmontables. Estas maquetas foron filmadas cunha cámara especial mediante a técnica chamada *stop-motion* (fotograma a fotograma), que permitiu o seguimento, encadramento e panoramización dos interiores en complicados movementos de cámara, pouco habituais nas películas de debuxos animados. Despois, os debuxos realizados a man foron transformados en diapositivas e proxectados sobre as imaxes obtidas da filmación das maquetas. Este proceso foi filmado de novo, obtendo así as imaxes definitivas. Algunhos dos solistas e grupos de pop e rock máis destacados do momento (David Bowie, Roger Waters, Pink Floyd, Genesis) encargáronse da banda sonora, e os prestixiosos actores John Mijos y Peggy Ascroft (Fernando Rey e Irene

Gutiérrez Caba na versión española da película) puxeron a súa prodixiosa voz ó servizo do matrimonio protagonista.

Proposta de actividades

- Coñecer a situación política, económica e xeográfica en Europa e no mundo trala Segunda Guerra Mundial, con dous bloques (americano e soviético) claramente diferenciados e enfrentados.
- Buscar información sobre películas que traten un tema similar ó de *“Cando o vento sopra”* e determinar que visión achegan á historia que explica a película.
- Considerar e valorar a importancia que a pasividade, o conformismo e a fe cega dos cidadáns pode ter nunha situación como a persentada na película.
- Estudar o desenvolvemento e a utilización das armas nucleares e a bomba atómica nos principais conflitos armados do século XX, tendo en conta as súas terribles consecuencias sobre a poboación e no medio natural.
- Elaborar un retrato dos dous personaxes protagonistas, Jim e Hilda Bloggs: enumerar e describir de maneira breve cales son os desexos, medos, cualidades e ideas propias de cada un deles e relacionalos coa acción: cal é o personaxe que fai adiantar a narración cos seus actos, que evolución seguen os personaxes trala explosión da bomba atómica, etc.

FICHA DE TRABAJO

- “*Cando o vento sopra*”, presenta e analiza de maneira realista as terribles consecuencias dunha guerra nuclear. Que sabes do armamento nuclear? E da bomba atómica? Cres que o perigo que reflicte a película segue existindo na actualidade?

- O libro de Raymond Briggs no que se basea a película empeza co poema seguinte: *"Despídete de un niño acunándole en la copa de un árbol; cuando el viento sople la cuna se columpiará, y cuando la rama se rompa la cuna caerá"*. Cres que garda algunha relación coa historia e os personaxes da película? Por que?

- A película de Raymond Briggs e Jimmy T. Murakami constitúe unha crítica brutal á guerra nuclear, á vez que reflexiona sobre a pasividade e o conformismo da sociedade. Comenta e valora a actitude do matrimonio protagonista ó longo da historia, especialmente con respecto á súa confianza no goberno e ás institucións. Reaccionarías do mesmo modo se te encontrases nunha situación parecida?

- En varios momentos da película, Jim e Hilda Bloggs evocan con añoranza tres figuras clave da política do século XX, Roosevelt, Churchill e Stalin. Que sabes deles? Quen eran? Estuda e analiza as liñas principais do seu pensamento político e o seu papel tralo fin da Segunda Guerra Mundial.

- “*Cando o vento sopra*” é unha película de debuxos animados que trata un tema comprometido de maneira realista. Cres que a historia tería a mesma forza se fose rodada con persoas reais? Estás de acordo co tópico de que non se poden facer películas de debuxos animados destinadas ó público adulto?

- Facendo un balance do que pasa na película de principio a fin, chegas a algunha conclusión? Que cres que nos queren explicar Jimmy T. Murakami e Raymond Briggs con esta historia? Cres que dá unha visión pesimista sobre o futuro da humanidade?